

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013761	IES A Xunqueira I	Pontevedra	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza	Ciclo formativo/Curso de especialización	Grao			
Graos D: Ciclos formativos	D2QUI000200 - Operacións de laboratorio	CM			
Módulo					
MP1709 - Itinerario persoal para a empregabilidade I (1º)					
Tipo de oferta	Modalidade	Réxime dual	Grupo		
Réxime xeral-ordinario	Presencial	Xeral	A		
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro	Identificador
4	107	50	128	128	

Etiquetas

Profesorado responsable

Docentes

Vázquez Núñez, Rebeca

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	15
Criterios de cualificación e recuperación	15
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	17
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	17
Programación da educación en valores.	17
Actividades complementarias e extraescolares.	18
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	18
Outros apartados.	18

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O Centro IES A Xunqueira I, é un centro de ensino secundario de Pontevedra, que acolle alumnado de diversa procedencia: Campañó, Campolameiro, Cotobade e algún alumnado do centro da cidade(en menor medida). Este alumnado cursa estudos de E.S.O. e Bacharelato. O alumnado do Ciclo Medio de Operacións de Laboratorio, ten unha procedencia moi diversa: Marín, Sanxenxo, Pontecaldelas, Pontevedra, etc.....fundamentalmente porque este ciclo unicamente se imparte no noso centro, polo que é toado como referencia en Pontevedra Capital e os arredores. O nivel académico do alumnado é medio-baixo, e normalmente coexisten alunas e alumnos que non teñen a ESO rematada (acceden por proba de acceso), outros que teñen o Graduado en Educación Secundaria e tamén alumnos e alumnas que fixeron algún curso de Bacharelato.

Pontevedra, é unha cidade que ten un ámbito produtivo diverso, con unha estrutura administrativa e funcional importante, máis tamén ten un tecido industrial na que o alumnado deste ciclo pode atopar unha saída laboral; empresas como Celulosas, Viaqua, laboratorios de análise de augas, conserveiras, adegas, laboratorios da universidade, etc..., demandan este perfil de alumnado con está formación de Técnico de Operacións de Laboratorio. O centro educativo tamén ten convenios coa Deputación dentro do progra Erasmus, de modo que alumnado pode facer prácticas noutros países (Italia, por exemplo), que enriquecen a súa formación.

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
Unidade formativa MP1709_12 - Prevención de riscos laborais				
1	Seguridade e saúde no traballo.	Conceptos basicos de prevencion, riscos e factores de risco. Danos a saude.	13	18
2	Prevención de riscos laborais.	Maco normativo. Organismos relacionados. Dereitos e deberes en materia de PRL. Representación dos traballadores. Organización da prevención.	12	16
3	Avaliación de riscos e a actuación en casos de emerxencia.	Avaliación de riscos. Técnicas de prevención. O lume. A electricidade. Plan de autoprotección. Primeiros auxilios.	16	22
4	Os riscos no meu posto de traballo.	Riscos asociados ao traballo como técnico de opracións de laboratorio.	5	4
Unidade formativa MP1709_22 - Empregabilidade e relacións laborais				
1	A relación laboral por conta allea.	Dereitos e desberes derivados da relación laboral. Condicións de traballo. Convenios. Tipos de contratos.	10	12
2	O salario e a Seguridade Social.	O recibo salarial. Modificación, suspensión e extinción do contrato. A Seguridade Social. Prestacións por desemprego.	15	20
3	A representación dos traballadores. Os conflitos colectivos.	Representantes dos traballadores. Os sindicatos. Os conflictos colectivos.	10	10
4	O traballo no sector.	Características do sector produtivo. Postos de traballo. Trabalo por conta propia e por conta allea.	6	8
5	Autocoñecemento e proxecto persoal.	Motivacións. Folla de ruta. Aspiracións. Itinerarios formativos.	6	8
6	Aprendizaxe autónoma e competencia dixital para a mellora da empregabilidade.	Contorna de aprendizaxe. Redes persoais de aprendizaxe. Identidade dixital. Protección de datos persoais.	7	10

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UNIDADE FORMATIVA: MP1709_12 - Prevención de riscos laborais

UD	Título da UD	Duración
1	Seguridade e saúde no traballo.	18

Criterios de avaliación
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.
CA1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.
CA1.1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.1.2 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA1.2 - Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.
CA1.2.1 - Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.2.2 - Clasifícaronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Relación entre traballo e saúde.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).

UD	Título da UD	Duración
2	Prevención de riscos laborais.	16

Criterios de avaliación
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.
CA1.5 - Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais.
CA1.5.1 - Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.5.2 - Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA1.6 - Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos.
CA1.6.1 - Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.6.2 - Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA1.8 - Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención.
CA1.8.1 - Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.8.2 - Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Marco normativo.
Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias.
Actuación en caso de risco grave e inminente.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais.

Contidos
Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos).
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral.

UD	Título da UD	Duración
3	Avaliación de riscos e a actuación en casos de emerxencia.	22

Criterios de avaliación
RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.
CA1.3 - Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias.
CA1.3.1 - Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.3.2 - Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA1.4 - Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA1.4.1 - Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.4.2 - Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA1.7 - Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste.
CA1.7.1 - Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste. Nas probas escritas ou enliña.
CA1.7.2 - Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA1.9 - Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios.

Criterios de avaliación

CA1.9.1 - Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios. Nas probas escritas ou enlíña.

CA1.9.2 - Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos

BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Principais técnicas de prevención.

Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade.

Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa.

Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención.

Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios.

Composición da caixa de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios.

UD	Título da UD	Duración
4	Os riscos no meu posto de traballo.	4

Criterios de avaliación

RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente.

CA1.1 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.

CA1.1.3 - Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco

Criterios de avaliación
máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título.
CA1.2 - Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.
CA1.2.3 - Clasifícanse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - A prevención de riscos laborais na empresa
Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).
Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo.

UNIDADE FORMATIVA: MP1709_22 - Empregabilidade e relacións laborais

UD	Título da UD	Duración
1	A relación laboral por conta allea.	12

Criterios de avaliación
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.
CA4.1 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título.
CA4.1.1 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título. Nas probas escritas ou enliña.
CA4.1.2 - Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA4.2 - Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais.
CA4.2.1 - Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais. Nas probas escritas ou enliña.
CA4.2.2 - Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Criterios de avaliación
CA4.3 - Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo.
CA4.3.1 - Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo. Nas probas escritas ou enliña.
CA4.3.2 - Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Dereito do traballo.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise da relación laboral individual.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.
Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais.
Retos laborais derivados da contorna dixital.

UD	Título da UD	Duración
2	O salario e a Seguridade Social.	20

Criterios de avaliación
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.
CA4.4 - Identificáronse os compoñentes do recibo de salario.
CA4.4.1 - Identificáronse os compoñentes do recibo de salario. Nas probas escritas ou enliña.
CA4.4.2 - Identificáronse os compoñentes do recibo de salario. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Criterios de avaliación
CA4.6 - Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA4.6.1 - Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía. Nas probas escritas ou enliña.
CA4.6.2 - Analizouse o papel da Seguridade Social como pilar esencial para a mellora da calidade de vida da cidadanía. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.
CA4.7 - Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral.
CA4.7.1 - Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral. Nas probas escritas ou enliña.
CA4.7.2 - Analizáronse as principais prestacións derivadas da extinción da relación laboral. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Análise do recibo de salario e das súas partes.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.
Seguridade Social e estado do benestar.
Estrutura do sistema de Seguridade Social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Prestacións contributivas da Seguridade Social (incapacidade temporal e permanente, nacemento de fillos e fillas, morte e supervivencia, e xubilación).
Protección por desemprego: requisitos e trámites. Cálculo da prestación.

UD	Título da UD	Duración
3	A representación dos traballadores. Os conflitos colectivos.	10

Criterios de avaliación
RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea, identificándoas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e, sinaladamente, no convenio colectivo do sector.
CA4.5 - Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral.

Criterios de avaliación
CA4.5.1 - Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral. Nas probas escritas ou enliña.
CA4.5.2 - Identificáronse os recursos laborais existentes ante as vicisitudes que se poden dar na relación laboral. Na realización de exercicios e tarefas relacionadas.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - As relacións laborais por conta allea
Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos na empresa.

UD	Título da UD	Duración
4	O traballo no sector.	8

Criterios de avaliación
RA1 - Distingue as características do sector produtivo e define os postos de traballo, relacionándoos coas competencias profesionais expresadas no título.
CA1.1 - Analizáronse as principais oportunidades de emprego e de inserción laboral no sector profesional, identificando as posibilidades de emprego e analizado os seus requisitos actuais para o perfil profesional.
CA1.2 - Comparáronse os requisitos esixidos polo mercado laboral coas esixencias para o traballo na función pública relacionados co sector privado.
CA1.3 - Reflexionouse sobre as actitudes e as aptitudes requiridas actualmente para a actividade profesional relacionadas co título, así como as competencias persoais e sociais máis relevantes para o sector, identificando a zona de desenvolvemento próximo.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC1 - O traballo no sector
Tendencias do mercado laboral e oportunidades emerxentes.
Competencias persoais e sociais máis demandadas no mercado laboral actual.
Análise do sector profesional do título do ciclo formativo. Situación laboral actual e futura.

Contidos
Identificación e descrición dos postos de traballo relacionados co perfil profesional do título: características, funcións, competencias, formación, actitudes e aptitudes requiridas.
Intelixencia artificial e automatización no mercado laboral e no sector profesional do título do ciclo formativo.
Traballo por conta allea e traballo por conta propia.
Traballo na Administración pública.
Análise das competencias profesionais e requisitos para o ingreso na Administración pública

UD	Título da UD	Duración
5	Autocoñecemento e proxecto persoal.	8

Criterios de avaliación
RA2 - Analiza e avalía o seu potencial profesional e os seus intereses para guiarse no proceso de autoorientación, e elabora unha folla de ruta para a inserción profesional con base na análise das competencias, os intereses e as destrezas persoais.
CA2.1 - Avaliáronse as motivacións, as habilidades, as destrezas e os intereses propios no marco dun proceso de autococoñecemento.
CA2.2 - Analizáronse as calidades e as competencias persoais afíns á actividade profesional relacionada co perfil do título.
CA2.3 - Determináronse as competencias persoais e sociais con valor para o emprego.
CA2.4 - Sinaláronse as preferencias profesionais, os intereses e as metas no marco dun proxecto profesional.
CA2.5 - Valorouse o concepto de autoestima no proceso de procura de emprego.
CA2.6 - Identificáronse as fortalezas, as debilidades, as ameazas e as oportunidades propias para a inserción profesional.
CA2.7 - Identificáronse expectativas de futuro para inserción profesional analizando competencias, intereses e destrezas persoais.
CA2.8 - Valoráronse fitos importantes na traxectoria vital con valor profesionalizador.
CA2.9 - Identificáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional.
CA2.10 - Formuláronse obxectivos profesionais e determináronse metas persoais e profesionais para a mellora da empregabilidade e as condicións de inserción laboral.
CA2.11 - Trazouse un plan de acción para desenvolver as áreas de mellora e potenciar as fortalezas persoais con valor para o emprego.

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Autoconhecimento e proxecto persoal
Autoconhecimento, autonomía persoal e autopercepción.
Capacidade autocrítica. Iniciativa persoal. Pensamento creativo.
Autoestima: confianza, perseveranza e seguridade nun mesmo.
Autoanálise e toma de decisións académicas e profesionais.
Habilidades sociais e habilidades de comunicación.
Estratexias para superar as eivas de comunicación.
Ferramentas dixitais na interacción cos demais. Networking.
Habilidades de organización e xestión.
Equipos de traballo. Importancia do traballo colaborativo. Liderado como trazo da personalidade.
Conflicto: concepto, causas, tipos e resolución. Negociación.
Identificación e autoanálise de intereses, capacidades, motivacións, aptitudes, fortalezas e debilidades persoais para o proxecto profesional ao que se aspire.
Aspiracións e metas: definición de obxectivos profesionais.
Autoanálise e avaliación do potencial profesional en relación cos requisitos actuais do perfil profesional do título. DAFO persoal.
Axudas e recursos para superar carencias e afrontar retos persoais: probas obxectivas e tests psicométricos.
Servizos de orientación académica. Programas, oportunidades e axudas para a formación.
Información sobre a estrutura do sistema educativo.
Itinerarios académicos: información sobre as opcións para cursar na formación profesional, noutros estudos postobrigatorios e nos estudos superiores.
Identificación e análise dos itinerarios formativos profesionais relacionados co título do ciclo formativo.
Oportunidades de formación e emprego en Europa.
A formación permanente na traxectoria laboral e profesional como factor clave para a adaptación ao cambio.

UD	Título da UD	Duración
6	Aprendizaxe autónoma e competencia dixital para a mellora da empregabilidade.	10

Criterios de avaliación
RA3 - Aplica as estratexias para a aprendizaxe autónoma recoñecendo o seu valor profesionalizador,

Criterios de avaliación
deseñando e optimizando a súa propia contorna de aprendizaxe facendo uso das tecnoloxías dixitais como ferramentas de aprendizaxe autónoma, e sendo coherente coa súa identidade dixital e os seus propios obxectivos profesionais formulados no seu plan de desenvolvemento individual.
CA3.1 - Tomouse conciencia da responsabilidade individual no desenvolvemento profesional, valorando a actitude de aprendizaxe permanente para o desenvolvemento das propias e das novas competencias.
CA3.2 - Identificouse a empregabilidade como capacidade de adaptación á contorna laboral.
CA3.3 - Coñecéronse e utilizáronse ferramentas, fontes de información, conexións e actividades para a configuración dunha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
CA3.4 - Púxose en práctica a competencia dixital para configurar unha contorna persoal de aprendizaxe para a empregabilidade.
CA3.5 - Analizouse o concepto de identidade dixital e o seu impacto na empregabilidade.
CA3.6 - Xustificouse o deseño da súa contorna de aprendizaxe baseada en como esta mellora a empregabilidade.
CA3.7 - Elaborouse o seu plan de desenvolvemento individual como ferramenta para a mellora da empregabilidade.
CA3.8 - Aplicáronse as ferramentas de aprendizaxe autónoma para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
CA3.9 - Deseñouse a contorna de aprendizaxe que permite alcanzar o plan de desenvolvemento individual

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Aprendizaxe autónoma e competencia dixital para a mellora da empregabilidade
Contorna de aprendizaxe para a empregabilidade.
Identificación e análise das necesidades persoais de aprendizaxe para a empregabilidade.
Ferramentas e fontes de información e formación: cursos en liña ou webinarios; libros, blogs; plataformas, aplicacións móbiles; certificacións en liña; grupos de discusión.
Rede persoal de aprendizaxe: redes sociais, profesionais e de comunicación.
Deseño dunha contorna persoal de aprendizaxe para o desenvolvemento persoal e profesional.
O plan de desenvolvemento individual: concepto.
Importancia do plan de desenvolvemento individual como ferramenta para maximizar o potencial e o desenvolvemento persoal e profesional.
Necesidade dunha avaliación periódica do progreso no plan de desenvolvemento individual.
Identidade dixital: concepto e características.
Pegada e reputación dixital.

Contidos
Xestión de identidades dixitais: persoal e profesional. Riscos derivados dunha xestión inadecuada.
Protección de datos persoais e identidade dixital.
Relevancia da identidade dixital para a empregabilidade.

Procedemento de avaliación inicial.

Os contidos tratados neste módulo son novos para todo o alumnado, polo tanto o punto de partida é o mesmo para todos, non hai uns coñecementos específicos que deban ter.

Si se avaliará a competencia dixital no uso de follas de cálculo e procesadores de texto, xa que se utilizarán en numerosas ocasións ao longo do curso. Para isto observarase ao alumnado na realización das actividades iniciais que impliquen o uso das citadas tecnoloxías.

Tamén se observará o desenvolvemento do alumnado na realización das diversas actividades como cuestións e exercicios co gallo de detectar posibles dificultades.

Criteria de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

Criterios de cualificación.

- Para acadar un aprobado o alumnado debe ter unha cualificación igual ou superior a cinco.
- Os traballos e as probas escritas ou enliña de cada unidade didáctica fan media entre si.
- Para que os traballos e as probas escritas fagan media entre si deben ter unha nota igual ou superior a catro.
- As probas escritas supoñen aproximadamente o 60% da cualificación da unidade didáctica correspondente.
- Os traballos, exercicios e tarefas relacionadas supoñen aproximadamente un 40% da cualificación da unidade didáctica correspondente.
- Nas unidades onde se utilicen as táboas de observación a cualificación será igual a cualificación obtida na táboa de observación.
 - A nota da avaliación corresponderá a media ponderada segundo as unidades didácticas desenvoltas nese período e o seu peso.
 - Para acadar o nivel de aprobado no módulo o alumnado deberá ter unha cualificación igual ou superior a cinco en todas as unidades didácticas.
 - Os alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación igual a cinco nalguna unidade terán unha cualificación na avaliación non superior a catro e deben realizar a recuperación das partes onde a cualificación é inferior a esixida.
 - A nota final será media ponderada segundo a cualificación obtida en cada unidade didáctica e o seu peso na cualificación final.

Probas escritas (poden ser escritas ou en liña).

- Realizárase unha proba escrita ou enliña por unidade didáctica.
- As probas escritas supoñen aproximadamente o 60% da cualificación da unidade didáctica onde se realizan.
- As probas escritas versaran sobre os contidos tratados na aula.
- Para que as probas escritas ou enliña fagan media deben ter unha nota igual ou superior a catro.
- Non se realizan probas escritas nin enliña nas unidades 4 da unidade formativa MP1709_12 Prevención de riscos laborais e nas unidades 4, 5 e 6 da unidade formativa MP1709_22 Empregabilidade e relacións laborais. Outros (traballos, exercicios e tarefas relacionadas).

- Para que os traballos, exercicios e tarefas relacionadas fagan media entre si deben ter unha nota igual ou superior a catro.

- Os traballos, exercicios e tarefas relacionadas supoñen aproximadamente un 40% da cualificación da unidade didáctica onde se realizan.

- Para que os traballos, exercicios e tarefas relacionadas sexan tidos en conta deben ser entregados en data e forma. Non se aceptaran traballos fora de data salvo causa xustificada.

- Os traballos, exercicios e tarefas relacionadas versaran sobre os contidos tratados na aula.

- Os traballos, exercicios e tarefas relacionadas deben ser orixinais e realizados polo alumno ou alumna. Os traballos que se detecten son plaxio ou copia dun compañeiro terán a cualificación de cero. E contará como non entregado e deberá recuperarse en xuño.

- Deben entregarse todos os traballos obrigatorios, se non se entregan a cualificación nese traballo será cero e deberá recuperarse en xuño.

Táboas de observación (asociada aos diferentes exercicios, grupos de exercicios, cuestións ou grupos de cuestións).

- A cualificación calcúlase en función dos descritores asociados a cada CA.

- Cada descriptor ten asociado un valor.

- Para obter unha cualificación igual a cinco no CA a suma dos valores obtidos nos descritores asociados a el debe ser igual a metade do valor máximo asignado a ese CA.

- A cualificación obtida na táboa de observación calcúlase en función dos valores obtidos nos diferentes CA segundo os descritores asociados e porcentaxe asignada a ese CA. Esta cualificación estará comprendida entre cero e dez.

Procedemento e criterios de recuperación

- Os alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación igual a cinco nalguna unidade debido ás cualificacións obtidas nas probas escritas realizarán unha nova proba escrita de recuperación en xuño que versará sobre os contidos da unidade ou unidades didácticas onde non se logrou a cualificación igual ou superior a catro na proba escrita.

- Os alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación igual a cinco nalguna unidade debido ás cualificacións obtidas nos traballos, exercicios e tarefas relacionadas, deberán realizar de novo para xuño aqueles traballos nos cales as cualificacións obtidas foron inferiores a catro.

- Os alumnos e alumnas que non acaden unha cualificación igual a cinco nalguna unidade debido ás cualificacións obtidas nas táboas de observación, deberán realizar de novo para xuño aqueles traballos nos cales as cualificacións obtidas foron inferiores a catro.

- O alumno ou alumna superará o módulo cando acade un cinco nas unidades didácticas a recuperar.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnas nin alumnos con este módulo pendente.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

O alumnado con perda de avaliación continua realizará no mes de xuño unha proba escrita ou en liña que versará sobre os contidos tratados no módulo durante o curso.

A data da proba pode coincidir coa data da proba final do módulo.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

De acordo co artigo 61 do decreto 114/2010 do 1 de xullo e o artigo 15 da Orde do 12 de xullo de 2011, o alumnado con necesidades educativas especiais, con arranxo a o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de modo fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta da establecida con carácter xeral, estó poderá ser levado a cabo en función dos datos obtido na avaliación inicial e informes asociados e sempre coa colaboración do Departamento de Orientación Educativa e Inspección Educativa.

Como docentes temos o labor de adaptar o noso ensino a todos e cada un dos nosos alumnos e alumnas, incluíndoos dentro da actividade ordinaria do grupo, pero á vez prestándolles directa ou indirectamente atención máis individualizada a aqueles que o necesiten. Isto implica que debemos estar dispostos a variar tanto o nivel dos contidos como as exposicións didácticas en función das necesidades específicas da aula, é dicir, a asumir que temos tantas realidades distintas como alumnos e alumnas haxa na aula. Para sacar o mellor de cada un deles e lograr que progresen, cada quen segundo as súas posibilidades, faremos unha exposición aberta como o que segue:

- Adaptaremos as primeiras explicacións de cada unidade didáctica ao nivel dos alumnos e alumnas con maiores dificultades.
- Reforzaremos, contidos estudados en etapas anteriores, facilitando así a asimilación dos de cada unidade.
- Proporemos actividades de reforzo para os alumnos e alumnas con formación máis deficiente nesta área, á vez que ampliaremos algún aspecto da materia para aqueles máis adiantados ou que chegaron ao ciclo con mellor preparación.
 - Introduciremos exemplos, problemas e actividades variadas e graduadas en dificultade, accesibles á maioría do alumnado, e adecuadas aos distintos niveis.
 - Aplicaremos medidas de adaptación das probas escritas (sen modificación dos CAs e RAs) aos alumnos e alumnas que polo seu perfil o precisen (letra máis grande, unha pregunta por folla, ...).

Programación da educación en valores.

A educación en valores é un pilar fundamental na formación integral do alumnado. Máis aló do desenvolvemento académico, a escola ten a responsabilidade de formar persoas conscientes, respectuosas, empáticas e comprometidas coa súa contorna e coa sociedade. Neste sentido, a aula convértese nun espazo chave para fomentar principios esenciais como a igualdade de xénero, o respecto mutuo, a consideración polos demais, a empatía, así como a educación ambiental e o desenvolvemento sostible.

Desde idades temperás, é necesario promover a igualdade de xénero, rompendo estereotipos e roles tradicionais que limitan as oportunidades de nenas e nenos. A través de dinámicas participativas, debates e postas en común, pódese ensinar que todos e todas teñen os mesmos dereitos, deberes e capacidades, independentemente do seu xénero. Esta igualdade vívese na aula cando se distribúen responsabilidades equitativamente, valórase por igual a opinión de cada estudante e visibilízanse referentes diversos.

O respecto mutuo e a consideración cara aos demais son valores esenciais para unha boa convivencia escolar. Traballar estes valores implica ensinar a escoitar activamente, a aceptar as diferenzas e a resolver os conflitos de maneira pacífica. Na aula, isto pódese fortalecer mediante círculos de diálogo, actividades cooperativas e normas de convivencia construídas colectivamente.

A empatía permite poñerse no lugar do outro e comprender as súas emocións, necesidades e puntos de vista. É un valor chave para previr o acoso escolar e fomentar relacións máis humanas e solidarias. Pódese cultivar mediante xogos de roles, lecturas que promovan a reflexión e actividades que conecten coas realidades doutras persoas ou comunidades.

Por outra banda, a educación ambiental e o compromiso co desenvolvemento sostible deben ocupar un lugar central

no ensino actual. O alumnado necesita comprender a urxencia de coidar o planeta e adoptar hábitos responsables coa contorna, trataremos de fomentar a reciclaxe e o aproveitamento dos recursos nas diversas actividades realizadas.

Fomentar todos estes valores de maneira transversal e vivencial fortalece a formación de cidadáns críticos, responsables e comprometidos cun mundo máis xusto e sostible. A aula non só debe ser un espazo de transmisión de coñecementos, senón tamén unha contorna onde se vivan e practiquen os valores que queremos ver reflectidos na sociedade.

Actividades complementarias e extraescolares.

- Visita a EDUGAL. Fira da educación que se celebra anualmente no mes de outubro no Pazo de Feiras e Congresos de Pontevedra.
- Taller de Primeiros Auxilios impartido por persoal sanitario do Centeo de Saúde A Parda.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Segundo o apartado 5 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, realizarase mensualmente o seguimento da programación do módulo, nel reflíctese o grao de cumprimento con respecto a programación e a xustificación razoada en caso de desviación. Este seguimento realizarase a través da plataforma dixital (PROENS) e debe revisarse por parte do departamento e constar na acta das reunións que correspondan.

Este seguimento a través da aplicación informática permítenos ir analizando en cada unidade non so o cumprimento, senón tamén en como foi o desenvolvemento da mesma, si se cumpriu ou non a temporalización, e anotar propostas de mellora tanto globalmente coma a nivel de cada actividade. A aplicación permite tamén sacar un informe do seguimento para o seu posterior análise.

É tamén moi importante a opinión do alumnado que obteremos a partir da recompilación de información durante o desenvolvemento das diferentes unidades didácticas e a final de curso mediante a realización dunha enquisa anónima. Os obxectivos desta avaliación da práctica docente son comprobar a eficacia e a validez desta proposta curricular, así como propoñer modificacións de mellora de cara ao vindeiro curso.

Outros apartados.